


Do amor e da liberdade

NARRATIVA Unha lectura en clave nacional que chega á procura de referencias moi concretas para aqueles que coñezan o devir do nacionalismo nos últimos anos.

María López Sáñez **Texto**

Amor e nacionalismo constitúen os dous eixos arredor dos que xira *Amor en alpargatas*, a última novela publicada por un autor, Manuel Portas, de traxectoria rápida e ascendente que acaba de ser galardoado co premio García Barros de novela. Estes dous conceptos comparten, malia toda a distancia que poida separalos, a vocación de dotar de sentido e transcendencia a vida, sexa no plano individual ou no colectivo. A súa confluencia resúltanos máis reveladora se consideramos que, como dicía Tzvetan Todorov, o amor veu ocupar o lugar do sagrado, ou que, como se ten sinalado en numerosas achegas ao fenómeno nacionalista, a emerxencia do nacionalismo coincide historicamente co inicio da creba cultural da fe relixiosa.

Esta dimensión compartida de seren elementos nos que os individuos tenden a tratar de atopar un sentido, permítenos ir máis alá do funcionamento do amor e das relacións sentimentais como alegoría nacional, aspecto que tamén está presente nesta novela e que ten sido obxecto dun debate teórico que, pola súa relevancia para a cultura galega, tivo grande seguimento en *A trabe de ouro* na década dos 90. Así pois, o propio título ponnos ante un oxímoro, o dese amor en alpargatas que trae ao ámbito do cotián e desacralizado o que de seu aspira á elevación do individuo, e, por unha lectura inevitábel en clave de alegoría nacional, revirte á súa vez sobre o nacionalismo. Ambos polos, amor e nacionalismo, son vividos na novela



Amor en alpargatas
Manuel Portas
Xerais, 2015

con esgazamento, cun transfondo de tristura e desacougo que non permite o conforto dun sentido último que inmobilece a vida.

A conexión entre as relacións amorosas e o nacionalismo insire a novela nunha rede textual na que se atopan *Arredor de sí* (1930), de Otero Pedrayo, ou *Retorno a Tagen Ata* (1971), de Xosé Luís Méndez Ferrín e, como estas novelas, invita (e provoca case inevitabelmente) a unha lectura en clave nacional que chega mesmo á procura de referencias moi concretas para aqueles e aquelas que coñezan o devir do nacionalismo nos últimos anos.

E con todo, malia a dimensión alegórica nacional e a posíbel lectura en clave, *Amor en alpargatas* funciona esencialmente como relato que se le con pracer e mesmo con avidez, pois cumpre ese ideal, xa tópico mais non doado de conseguir neste tipo de narración, de que as ideas non afoguen a historia. En entrevistas recentes, o autor sinalaba que do *delectare et prodesse*

horaciano quedaba coa dimensión do goce, coa lectura como fonte de pracer. É evidente que a novela satisfai este principio. Non só a liña argumental central e o protagonista sosteñen o relato, senón que se insiren liñas secundarias e personaxes apenas trazados, dotados dun inmenso atractivo. Podemos salienta, neste sentido, a historia de amor co trasfondo da Guerra Civil e a Illa de San Simón da avoa do protagonista na que se intúe, malia a súa beleza, un final tráxico, subliñando a cualidade agridoce que todo o impregna nesta novela.

Outra cualidade que subtrae o relato ao afogamento do ideolóxico e que certamente non é previsíbel. Os protagonistas van revelando arestas inesperadas, dando xiros que, como no caso de Lucía, permiten que o personaxe pase de ser unha Penélope un tanto desquiciada, incapaz de superar unha ruptura, a revelarse como unha focalizadora aguda, consciente e lúcida.

Todo construído por unha narración retrospectiva, de marcada redución temporal -uns poucos minutos que seguen ao enterramento do protagonista- e con cambios na focalización que revelan perspectivas inesperadas e enfoques diversos, que suxiren que nin sequera a morte pecha definitivamente o relato da vida, e que apuntan a esa liberdade radical que impide todo inobilismo e que, en certo xeito, creba amor e nacionalismo, toda procura de sentido, nunha afirmación última de que talvez a liberdade mesma sexa o único sentido das nosas vidas.